

# Taller OpenStreetMap

## Obxectivo

OpenStreetMap (tamén coñecido polas súas siglas OSM) é un proxecto aberto e colaborativo para crear mapas libres, gratuítos e editables. As trazas dos mapas créanse empregando información obtida de dispositivos GPS ou empregando fotografías aéreas ou de satélites e outras fontes como bases de datos da administración. Dende 2016 OSM emprega en España cartografía PNOA para mapeado e edición (<https://gl.wikipedia.org/wiki/OpenStreetMap>).

Durante unha xornada, en sesións teóricas e prácticas, presentaranse as bases conceptuais para que unha persoa poda iniciarse na captura de información para seren reflectida nunha cartografía pública, accesible para calquera que teña interese, e susceptible de seren enriquecida por calquera outra persoa.

Presentaranse programas de ordenador de acceso libre e gratuito que se podan empregar con esa finalidade e as regras de gobernanza e funcionamento da comunidade que garanten que os datos describen a realidade nun lugar e nun momento.

## Poñente/facilitador

### **Rafael Ávila**

Rafa é membro do Equipo Humanitario de OpenStreetMap (HOT) e da OpenStreetMap Foundation (OSM Foundation). Rafa descubriu OpenStreetMap en 2009, cando facía unha actividade de ensino para adultos nun centro de Noia. Colabora en mapeo humanitario dende 2011, nunha pila de proxectos: tifón Haiyán de Filipinas, importacións de datos en Nixeria, República Centroafricana, crise do Ébola, terremoto do Nepal, escolas de Uganda, estradas de Tanzania, hospitáis, fontes e potabilización de auga, erradicación de polio, malaria, etc.

## Data

18 de marzo de 2017, sábado

## Lugar

Centro Náutico Francisco Rama Vázquez “Fufú”, O Freixo, Concello de Outes

## Número de prazas

20

## Organizan

Asociación Terra de Outes

Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide (Melisa)

Club de Atletismo Outes

Revoltas Ciclistas de Outes

## Programa

13:00	14:30	Introducción teórica
14:30	16:00	Xantar: permitiránse os móbiles enriba da mesa para seguir coa conversa iniciada na presentación!
16:00	17:30	Paseo pola ribeira do Freixo para rexistrar recorridos e puntos
17:30	19:00	Práctica de gabinete: postprocesado da información capturada para contribuir á cartografía pública accesible a través de Internet

## Medios necesarios

Ordenadores de sobremesa do CNM.

Conexión WiFi do CNM.

Cañón de proxección de vídeo o pantalla.

Cada participante empregará o seu propio teléfono móbil intelixente (smartphone) co programa OSM Tracker xa instalado...

<https://f-droid.org/repository/browse/?fdid=me.guillaumin.android.osmtracker&fdpage=41>

<https://play.google.com/store/apps/details?id=me.guillaumin.android.osmtracker>

Para a práctica de postprocesado poderase levar ordenadores persoais co software JOSM xa instalado...

<http://josm.openstreetmap.de/>

## Inscripción

De balde, cun simple mensaxe de correo-e dirixido a...

[ricardo.julio.rodriguez.fernandez@gmail.com](mailto:ricardo.julio.rodriguez.fernandez@gmail.com)

Podedes empregar tamén esa dirección para aclarar dúbidas técnicas sobre o prantexamento do taller!